

Documento distribuído por



Notas sobre os irmáns de Teresa Vaamonde Valencia

Francisco Xavier Redondo Abal

Data de publicación: 23-12-2015



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

NOTAS SOBRE OS IRMÁNS DE TERESA VAAMONDE VALENCIA.

Francisco Xavier Redondo Abal

A acomodada familia Vaamonde Valencia –e non Palencia, como aparece recollido nalgúns textos– era orixinaria da parroquia de Alongos, no concello ourensán de Toén, e, malia a súa ascendencia nobiliaria (pois entroncaba cos condes da Torre de Penela), sufriu como moitas outras os efectos devastadores da represión franquista na posguerra. Dos oito irmáns, cando menos catro padeceron os efectos da violencia política do Estado. Unha violencia da que non se libraron nin os derrotados nin as súas familias. Investigados polas forzas de seguridade, os catro irmáns Vaamonde experimentaron en diversos graos só unha parte da metodoloxía represiva do réxime franquista: cárcere, exilio e depuración. Por fortuna para eles, faltaron os asasinatos.

Fernando, prestixioso médico que alcanzou a presidencia do consello de administración de Sanitas, estivo encarcerado un longo período tras a Guerra Civil¹. Faleceu en Madrid en marzo de 1977. Manuel foi acosado xudicialmente polo Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas en 1952, malia que ao final o seu caso foi arquivado². O arquitecto José Lino é practicamente un descoñecido na súa terra, e iso a pesar da súa merecida fama internacional³.

Nacido o 20 de abril de 1900 en Alongos, José Lino estudou Ciencias Exactas na Universidade Central (1921) e Arquitectura na Escola Superior (1927). Entre ambas as

dúas carreiras e ao mesmo tempo que acudía á universidade, obtivo o cargo de secretario do club de fútbol Real Madrid. Máis tarde, participou na construción do metro da capital do Estado, no tendido do camiño de ferro da liña Ourense-Santiago, traballou no Servizo do Catastro do Ministerio de Facenda, etc. Foi tamén o artífice da creación do Colexio de Arquitectos de Madrid. Republicano convencido e admirador de Manuel Azaña, Vaamonde militou dende decembro de 1935 en Izquierda Republicana (IR). Un ano antes, en 1934, contraera matrimonio con Flora Horcada, froito do cal nacerá o seu único fillo, Joselino, na Valencia republicana de 1937. En 1936 é designado Arquitecto Conservador do Museo do Prado. Ao ano seguinte aparece desempeñando labores como vogal da Xunta Central do Tesouro Artístico, presidida por Timoteo Pérez Rubio, e a súa actuación será decisiva na salvagarda da riqueza do patrimonio ameazado. En 1938 foi designado secretario xeral da Subsecretaría de Propaganda e coa derrota republicana, e tras unha breve estancia en París e na Habana, parte cara ao exilio venezolano. As autoridades franquistas sancionaron en 1942 a José Lino Vaamonde coa inhabilitación perpetua para exercer a súa profesión en cargos públicos e a trinta anos de inhabilitación para o exercicio privado da mesma. Pouco importou xa que en Venezuela foi, entre outros cargos, xefe da Sección de Arquitectura e da Sección de Proxectos da Compañía Shell Caribbean Petroleum e realizou numerosos edificios de servizos, vivendas, oficinas e urbanismo en xeral. Nacionalizado venezolano en 1952, José Lino morreu en Caracas o 3 de outubro de 1986. Mentres, en España quedou a súa ficha policial na Sección Político-social⁴.

Temos, xa que logo, ao encarcerado, ao investigado e ao exiliado. Non podía faltar a depurada. Aquela non foi outra que Teresa, a bibliotecaria, que pronto foi advertida de que xa nada era como antes, de que na Nova España todos eran sospeitosos

e, por tanto, habería que andar con sumo coidado, especialmente cos seus antecedentes familiares.

Notas:

[1](#) *El País* (Madrid), 10 de febreiro de 1977.

[2](#) Centro Documental de la Memoria Histórica (Salamanca). Fondo: Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas, signatura 75/009996.

[3](#) De feito, houbo que agardar até setembro de 2010 para que o Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) e a Universidade da Coruña (UDC) lle rendesen unha merecida homenaxe á súa persoa cun ciclo de conferencias. Véxase: *Xornal de Galicia*, “A Coruña lembra a Vaamonde, o salvador do Prado”, 21 de setembro de 2010.

[4](#) Centro Documental de la Memoria Histórica (Salamanca). Fondo: Delegación Nacional de Servicios Documentales. Serie: Fichero General de la Sección Político-social.